

Cóñece ao noso equipo: MIGUEL GONZÁLEZ LOUREIRO, Investigador do grupo IC2

Miguel G. Loureiro é profesor acreditado a Titular na Universidade de Vigo e traballa dende o 2000 no departamento de Organización de Empresas e Márketing, onde obtivo o Doutoramento en Dirección e Xestión de Empresas con mención Europea en 2011. Forma parte do grupo de investigación *IC2-Intellectual Capital and International Company*. Entre o 2000 e 2012 foi colaborador do grupo G4_Plus, técnico de investigación no Centro de Innovación e Servizos CIS-Madeira e socio co-fundador e director dunha empresa de servizos avanzados.

Investiga sobre o proceso de toma de decisións estratéxicas e o rol da cognición do directivo, así como outros aspectos relacionados con estratexia, internacionalización, capital humano e a dimensión social da empresa. Foi co-autor de 93 contribucións científicas, das que 21 son artigos publicados en revistas de impacto (JCR e SJR). Os seus mellores traballos foron publicados en revistas como o *J. of World Business*, *Management Int. Review* ou o *Int. J. of Intercultural Relations*. A *Academy of Management* nomeou un dos seus traballos como finalista na área de recursos humanos e en 2016 outro artigo foi premiado como *Highly Commended Paper* dentro dos *Emerald Literati Network Awards for Excellence*.

Colaborou en 17 libros e 25 monografías de divulgación científica e 48 proxectos de transferencia sobre o sistema empresarial galego, como foron o desenvolvemento estratéxico das principais iniciativas de clúster industriais e do Sistema de Innovación de Galicia.



O Pont Up Store 2016 consolídase como un importante escaparate da cultura emprendedora

Do 22 ao 24 de setembro celebrouse en Pontevedra a terceira edición do Pont Up Store, un espazo de difusión organizado co fin de fomentar o emprendemento entre a sociedade.

O evento foi un éxito de participación, recibindo máis de 110 solicitudes.




O coordinador de ECOBAS, Carlos Hervés, convidado polo Club Faro Para impartir unha conferencia

Carlos Hervés impartiu unha conferencia sobre a investigación en economía e empresa, na que salientou a importancia de agrupacións como ECOBAS, desvelou as claves para ser un bo investigador e falou da relación da Universidade coa sociedade, as administracións e a empresa privada.



A Universidade de Vigo, impulsada por membros de ECOBAS, adhiúrese á Rede EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social

A Universidade de Vigo forma parte dende o 6 de setembro desta Rede de colaboración que ten coma obxectivo o fomento do espírito emprendedor mediante o apoio á consolidación de emprego con base na Economía Social.



O investigador Miguel González Loureiro, premiado por unha das súas publicacións

O artigo *A content and comparative analysis of strategic management research in the Baltic area: a research agenda for qualitative studies*, do que é co-autor, foi un dos galardoados co premio *Highly Commended Paper 2016*, outorgado polo grupo editorial Emerald.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Diario ABC- Premio ABC Solidario de axudas a proxectos

- Obxectivo: recoñecer o labor de entidades sociais e apoiar e promover os seus proxectos e os de voluntarios universitarios orientados a mellorar as condicións de vida de persoas desfavorecidas ou en risco de exclusión.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de decembro.

FUNCAS- Premios Enrique Fuentes Quintana de Teses Doutorais

- Obxectivo: premiar as teses doutorais lidas no ámbito de Economía (xeral ou da empresa) e Socioloxía que obtivesen, por unanimidade, a máxima cualificación establecida na norma vixente no momento da súa lectura, incluíndo a mención cum laude.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de decembro.

Premio AEDAF- Asociación Española de Asesores Fiscales

- Obxectivo: Estimular o estudo e a investigación científica nos campos do Dereito, da Contabilidade, da Administración e da Economía da Empresa, sempre baixo a perspectiva do ámbito tributario.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 15 de febreiro

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Axudas Marie-Sklodowska Curie: Innovative Training Networks

- Obxectivo: formar unha nova xeración de investigadores capacitados para abordar retos presentes e futuros. Tres modalidades de propostas:

- Redes Europeas de Formación
- Doutoramentos Industriais Europeos
- Doutoramentos Conxuntos Europeos

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 10 de xaneiro de 2017

EVENTOS DE INTERESE:

1-2 de Decembro: **XXIV Xornadas de investigación das universidades españolas** (Vigo)

15 de Decembro: **I Xornada de emprendemento investigador** (A Coruña)

19-20 de Xaneiro: **XXII Workshop Konopka** (Ourense)

6-8 de Xuño: **I Congreso de Historia do Turismo** (Poio, Pontevedra)